

Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2017

A axeitada transferencia de coñecemento procedente dos organismos de investigación ao tecido produtivo está considerada unha estratexia prioritaria a nivel global para incrementar o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio. No caso de Galicia, estes procesos veñen sendo impulsados con resultados que convén recoñecer a través de casos de éxito que sexan difundidos á cidadanía e sirvan como referencia inspiradora para investigadores/as e empresarios/as.

Por estes motivos, a **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, coa colaboración da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, convocan a terceira edición dos **Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia** de acordo coas seguintes bases:



1.- Modalidades

Convócanse premios en **tres modalidades**:

a.- Premio a un traballo de investigación aplicada, dotado con **6.000 €** netos, para un traballo do que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

Este premio verase incrementado cunha **axuda de 4.000 €** para a **formación** dun membro do equipo investigador gañador, durante unha estancia de 2 ou 3 meses nun centro de investigación de fóra de Galicia. Durante o mes seguinte á entrega dos premios, o/a investigador/a gañador/a presentará na RAGC a proposta de candidato/a para o disfrute desta axuda.

b.- Premio empresarial a un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía a pemes, dotado con **12.000 €** netos, para un caso de transferencia en pemes ou micropemes, con independencia do mecanismo polo que esta se producise (adquisición de patente, proxecto conxunto, spin-off, etc.).


c.- Premio a un caso de éxito empresarial para grandes empresas, froito da colaboración cun grupo de investigación. O premio para a empresa será honorífico, acreditado cunha placa conmemorativa. O grupo de investigación recibirá **6.000 € netos**, en concepto de apoio ao seu traballo.

Todos os premios irán acompañados dun **diploma acreditativo**.



2.- Quen pode concorrer

a.- Ao premio para un traballo de investigación aplicada poderán concorrer todos/as os/as investigadores/as adscritos/as a centros de investigación situados en Galicia, incluídos os centros tecnolóxicos. Non poderán concorrer os membros da Real Academia Galega de Ciencias.



Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2017

b.- Ao premio empresarial para un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía a pemes poderán concorrer todas as pemes galegas (incluíndo as micropemes), que sexan tales de acordo cos criterios que rexen na Unión Europea (menos de 250 empregados, menos de 50 millóns de euros de facturación ou menos de 43 millóns de euros de balance).

c.- Ao premio para un caso de éxito en transferencia de tecnoloxía a grandes empresas poderán concorrer empresas non catalogadas como pemes nin micropemes, conxuntamente co grupo de investigación que participou no proceso de transferencia de tecnoloxía.



3.- Condicións a cumprir

a.- No caso dun traballo de investigación aplicada, o/a solicitante debe ser autor/a do mesmo e, en caso de haber varios autores/as, ten que contar coa autorización dos/as demais, na que se especificará o grao de participación de cada un/unha. O traballo pode ser inédito ou estar xa publicado, neste caso con posterioridade ao ano 2014.

b.- Se se trata dun caso de éxito en transferencia de tecnoloxía, o/a solicitante debe ser o/a representante legal da empresa e a transferencia de tecnoloxía tivo que producirse con posterioridade ao ano 2013.



4.- Documentación a adxuntar


a.- Premio a un traballo de investigación aplicada:

Entregaranse dúas copias do traballo en papel e un CD coa versión electrónica do mesmo, ambos os dous no formato típico dun traballo de investigación. O texto estará escrito en lingua galega ou en castelán, cunha extensión máxima de 75 folios a espazo e medio en DIN A4. Non haberá indicación algunha que permita a identificación dos/das seus/súas autores/as. Na primeira páxina só se indicará o tipo de premio ao que se opta; o título do traballo, sinalando se é inédito ou achegando a data de publicación se xa está publicado; e un lema identificativo.

Acompañará ao traballo unha plica, en sobre pechado, en cuxo exterior figurarán o título e o lema identificativo. No seu interior incluíranse: o nome ou nomes dos/das autores/as, a súa dirección, teléfono e copia do NIF por ambas as dúas caras; se hai varios autores, incluíranse tamén autorizacións dos/das outros/as autores/as para concorrer ao premio, nas que conste a porcentaxe de participación de cada un deles/delas na realización do traballo.

b.- Premios para casos de éxito en transferencia de tecnoloxía:

Entregaranse dúas copias en papel dunha memoria que describa a transferencia de tecnoloxía que se levou a cabo e un CD coa versión electrónica da mesma,



Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2017

explicitando o tipo de tecnoloxía, o mecanismo da transferencia, o ano no que se produciu e a súa importancia para a competitividade da empresa. O texto estará escrito en lingua galega ou en castelán, cunha extensión máxima de 75 folios a espazo e medio en DIN A4. Non haberá indicación algunha que permita a identificación do/da solicitante e da empresa. Na primeira páxina só se indicará o tipo de premio ao que se opta, un título indicativo do contido da memoria e un lema identificativo.

Acompañará a memoria unha plica, en sobre pechado, en cuxo exterior figurarán o título e o lema identificativo. No seu interior incluíranse: o nome do/da representante empresarial que concorre ao premio, a súa dirección, teléfono e copia do NIF; o nome e dirección da empresa e o seu CIF. Incluírase tamén una declaración xurada do/da representante da empresa na que se fagan constar, no seu caso, os datos identificativos do grupo de investigación que participou na transferencia, así como que esta cumpre as condicións establecidas no punto 3- b.- da convocatoria e que está ao día nos pagos á Seguridade Social e á Facenda pública.

Toda a documentación correspondente a cada solicitude de calquera dos premios incluírase nun único sobre.



5.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de candidaturas rematará ás 13 horas do 29 de xuño. O sobre coa documentación presentárase directamente ou enviárase á, con acuse de recibo, á Real Academia Galega de Ciencias. Facultade de Química. Avenida das Ciencias s/n. Campus Vida. 15782 Santiago de Compostela.




6.- Xurado

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC e contará con seis vogais: dous/dúas propostos/as pola GAIN, dous/dúas propostos/as pola RAGC, un/unha proposto/a polo IGAPE e un/unha proposto/a pola Confederación de Empresarios de Galicia. Actuará como Secretario/a un/unha dos/das vogais propostos/as pola RAGC. Para a súa constitución válida o xurado haberá de contar, como mínimo, con cinco dos seus membros. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.



7.- Outras observacións

Os/as gañadores/as dos premios autorizan expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo.



Bases dos Premios á **Transferencia de Tecnoloxía** en Galicia 2017

Aplicaranse aos premios as retencións que, se é o caso, estean previstas na vixente norma tributaria. O importe neto ao que se refire o punto 2 da convocatoria é o importe a percibir, una vez feita a correspondente retención.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídos os/as concursantes que non se axusten ás mesmas. Os/as autores/as non premiados/as poderán solicitar a devolución dos seus traballos no prazo de 3 meses, despois da publicación do fallo.

Organiza:



en colaboración con:



XUNTA
DE GALICIA

galicia